

Inventario Forestal Continuo de Galicia: caracterización socioeconómica da mostra asociada

METODOLOXÍA

1. Introducción

O Instituto Galego de Estatística (IGE) dispón dunha base de datos con nome *Base de datos sociodemográfica* onde están todas as persoas que nalgún momento tiveron algunha relación con Galicia, constatada mediante os rexistros administrativos dos que se dispón no IGE: Padrón Municipal de Habitantes, Afiliados á Seguridade Social, Pensionistas contributivos da Seguridade Social, etc. Esta *Base de datos sociodemográfica* é unha fusión de rexistros administrativos coa finalidade de ter un sistema de información que conteña datos socioeconómicos da poboación que nalgún momento tivo relación con Galicia. Dispónse do lugar de residencia da persoa e características socioeconómicas como a idade o ano de nacemento, se está afiliada á Seguridade Social en alta, se cobra unha pensión contributiva, etc.

Por outra parte, o Inventario Forestal continuo de Galicia (IFCG), elaborado pola Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e a Consellería de Medio Rural (CMR), é unha ferramenta fundamental de control, planificación e seguimento continuo, que permite visibilizar o mapa forestal adaptado a Galicia. Neste mapa forestal tamén se permiten visibilizar as restricións técnico-legais que poden condicionar a dispoñibilidade dos recursos dos nosos montes.

Ademais, en xullo de 2022 a CMR, a XERA e o IGE firmaron un acordo de colaboración para o intercambio de datos e información. Este acordo estableceu as pautas que se seguirán na colaboración entre a CMR, a XERA e o IGE para realizar un estudo sobre a caracterización económica e sociodemográfica do monte galego, que permita describir as explotacións forestais, os seus titulares e a cadea forestal da madeira e, de existir información, doutros recursos forestais

Po último, o IGE e a XERA incluíron no Programa Estatístico Anual 2025 a actividade estatística *Inventario Forestal Continuo de Galicia: Caracterización socioeconómica da mostra asociada*, que ten por obxectivo obter unha aproximación na caracterización das persoas

titulares dos terreos forestais en Galicia con frondosas, eucaliptos e coníferas, a partir da observación dos puntos de mostraxe obtidos do IFCG.

2. Obxectivo

O obxectivo desta actividade é analizar as características socioeconómicas das persoas titulares dos terreos forestais, mediante a unión da *Base de datos sociodemográfica* e os ficheiros dos puntos de mostraxe obtidos do IFCG. Neste traballo centrarémonos nos terreos forestais con frondosas, eucaliptos e coníferas.

3. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional: persoas físicas e xurídicas propietarias de terreos forestais con frondosas, eucaliptos e coníferas en Galicia

Ámbito territorial: o ámbito territorial está formado polas provincias de Galicia.

Ámbito temporal: irregular.

4. Conceptos

- **Residente:** considérase residente a toda persoa física que ten a súa residencia habitual nun dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Persoas afiliadas á Seguridade Social:** a afiliación ao Sistema da Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e da traballadora e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral e se dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade será dado/a de baixa pero seguirá afiliado/a en situación de baixa laboral. Se retoma a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador ou da traballadora. Nesta actividade estatística difúndese información das persoas en alta laboral na Seguridade Social ao longo do ano en curso.
- **Pensións contributivas da Seguridade Social:** son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, nas que a concesión está xeralmente supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social (como acreditar un período mínimo de cotización en determinados casos), sempre que se cumpran os

demais requisitos esixidos. A súa contía determínase en función das achegas efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión de que se trate. As clases de pensións son: incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade e a favor de familiares.

- **Demandas de emprego rexistradas:** son as solicitudes de postos de traballo rexistradas nas oficinas públicas de emprego realizadas polos traballadores en idade laboral que desexan traballar por conta allea. Inclúen as de traballadores que non teñen emprego, tanto daqueles que non traballaron anteriormente e buscan emprego por primeira vez como as dos que tiveron un emprego anterior, e as de traballadores ocupados que buscan emprego para substituír ou complementar o que teñen. Non se inclúen os que se rexistran en categorías especiais (discapacidade, risco durante o embarazo, penados en institucións penais ou vítimas de violencia de xénero).
- **Parado rexistrado:** subconxunto das demandas de emprego rexistradas nas que a situación administrativa é de alta e a persoa inscrita atópase en paro (establecido na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985).
- **Persoa xurídica:** son as corporacións, asociacións e fundacións de interese público recoñecidas pola lei e as asociacións de interese particular, sexan civís, mercantís ou industriais ás que a lei conceda personalidade propia, independente da de cada un dos seus asociados.

5. Variables

A variable obxecto de estudo é a poboación propietaria de terreos forestais con frondosas, eucaliptos e coníferas en Galicia. As persoas físicas clasificarémolas segundo grupos de idade, sexo, afiliación á Seguridade Social (SS) ou mutualistas titulares activos da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), parado rexistrado, perceptores de pensións contributivas da SS, mortos, residentes fóra de Galicia ou sen identificar. As persoas xurídicas clasificarémolas segundo o tipo de propiedade en Monte veciñal ou Non Monte Veciñal. Tamén empregaremos como variable de clasificación as restricións técnico-legais do terreo obtidas do IFCG.

6. Procesamento dos datos

Os puntos de mostraxe observados que se van empregar nesta actividade estatística proceden do IFCG. Estes puntos de mostraxe conteñen a información descritiva da

caracterización de usos do mapa do Inventario Forestal que será a que se empregue para elaborar esta actividade estatística:

- X_UTM: coordenada X no sistema de proxección cartográfico ETRS89 UTM 29T
- Y_UTM: coordenada Y no sistema de proxección cartográfico ETRS89 UTM 29T.
- RB_Codigo: código do punto na Rede Base de 4x4 km do IFCG.
- REFCAT_2020: código de referencia catastral sobre o que cae o punto da malla de 500m e que se herda da cartografía catastral rústica do ano 2020.
- MayClas: atributo MayClas do mapa de recintos forestais 2022 do IFCG sobre o que cae o punto da malla de 500m. Indica a clase maioritaria do recinto (p. ex. [1]eucalipto, [2]conífera, [3]frondosa, etc.)
- MVMC_MP: atributo MVMC_MP do mapa de recintos forestais 2022 do IFCG sobre o que cae o punto da malla de 500m. Indica se o recinto pertence [1] ou non [0] a un monte veciñal en man común (MVMC) ou monte público (MP).
- Dis_TecLeg_may: clase máis frecuente do mapa de restricións Técnicas e Legais do IFCG dentro do recinto do mapa de recintos forestais do IFCG sobre o que cae o punto da malla de 500m. [1] Favorable, [2]Intermedia e [3]Desfavorable

Ademais, a partir da Referencia Catastral dispoñible nos arquivos anteriores pódese obter da Información de Catastro a identificación das persoas físicas ou xurídicas propietarias das parcelas forestais.

Por outra banda, para as persoas físicas a *Base de datos Sociodemográfica* que elabora o IGE contén información das seguintes variables:

- NIF da persoa física
- Idade
- Sexo
- Afiliación á SS ou MUFACE
- Sector de actividade
- Pensionista contributivo da SS
- Réxime de cotización anterior (no caso de que sexa pensionista)

As categorías nas que se clasifican ás persoas son as seguintes:

- Afiliada: persoa traballadora en alta afiliada á SS ou a MUFACE
- Pensionista: persoa que percibe unha pensión contributiva da SS
- Parada: persoa parada rexistrada
- Persoa xurídica
- Mortos: a persoa titular da parcela forestal que figura en Catastro está morta.
- Fóra de Galicia: a persoa titular da parcela forestal que figura en Catastro non reside en Galicia.
- Sen identificar: a persoa titular da parcela forestal non figura identificada con NIF en Catastro.
- Resto: resto de opcións

As categorías anteriores son mutuamente excluíntes; é posible que unha mesma persoa poida compatibilizar dúas ou máis situacións das expresadas anteriormente no mesmo instante de tempo, pero sempre se lle vai dar prioridade a unha sobre outra, seguindo a orde na que aparecen.

Polo tanto, o que se fai é cruzar estas dúas fontes de datos a través do NIF do titular persoa física dispoñible nos ficheiros de cruce dos puntos muestrais do IFCG e a información catastral. Con este cruce obteremos as características socioeconómicas das persoas titulares das parcelas forestais. Hai que ter en conta as seguintes cuestións:

- Faise un cruce dos titulares de parcelas cos datos das afiliacións á Seguridade Social para todo o ano seguinte á data do IFCG. Neste paso hai que ter en conta que un titular pode ter varias afiliacións. Nesta actividade quedarémonos coa afiliación na que leve máis tempo de alta.
- Cando se fai o cruce dos titulares de parcelas cos datos das pensionistas con pensións contributivas da SS a 31/12 de cada ano, hai que ter en conta que un mesmo pensionista pode ter varios réximes de cotización. Neste traballo quedarémonos co réxime onde tivera máis anos cotizados.

7. Presentación de resultados

Con periodicidade irregular os datos difúndense na web do IGE (<http://www.ige.gal>) dentro do apartado temático de Agricultura e Pesca.